



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Nº Expediente: 2024/CONTRAT/000082

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DE “PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA CAPACIDADE DE DESAUGUE EN O BATÁN”, POR PROCEDIMENTO ABERTO

DECRETO

Por Decreto da Alcaldía 2024003975, de 26 de xullo de 2024, aprobouse o expediente administrativo para a licitación do contrato de obra de “PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA CAPACIDADE DE DESAUGUE EN O BATÁN”, por medio de procedemento aberto.

O orzamento da licitación é de 232.524,52€, ao que se lle suma un 21% de IVE (48.830,15 €), o que supón un importe de 281.354,67 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 5 de agosto do 2024.

Rematado o día 26 de agosto do 2024 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

NOME DA EMPRESA	NIF	Data e hora de presentación da oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L	B15072713	26/08/2024 12:35:08

De conformidade co art. 157 da LCSP e o prego de cláusulas administrativas particulares, a Mesa de Contratación reunida o día 29 de agosto do 2024 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 subtítulo “Documentación administrativa” e comprensivo da documentación administrativa presentada polos licitadores; resultando que a Mesa acordou admitir a única empresa presentada a esta licitación.

A continuación, a Mesa continúa coa apertura da documentación contida no sobre ou arquivo electrónico nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”. Así, a Mesa acorda dar traslado da documentación presentada polos licitadores neste sobre para sometela a informe do técnico competente.

Tras o informe técnico requirido, a Mesa volve a reunirse con data 12 de setembro de 2024, tendo este acto carácter público, ao que non se presenta ningún asistente. Neste acto procédese a dar conta das puntuacións propostas para a documentación contida no sobre ou arquivo electrónico nº 2, denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”, polo técnico competente, que resultan ser as seguintes:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL

Contratación e Patrimonio

NOME DA EMPRESA	PROGRAMA DE TRABALLO (Sobre 2)
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	48,50 / 50,00

A continuación, procédese á apertura do sobre ou arquivo electrónico nº 3 denominado “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

Unha vez avaliada polo equipo técnico, este valorou as ofertas admitidas de acordo cos criterios do PCAP do seguinte xeito:

CRITERIO		LÓPEZ CAO
Oferta económica	Importe	224.380,00 € (271.499,80 IVE incl.)
	Puntos	4,90 / 30,00
Incremento do prazo de garantía	Anos	+ 4 anos
	Puntos	5,00 / 5,00
Mellora 1: Redución prazo para redacción e presentación PSS	Redución	Presenta o PSS en 1 semana
	Puntos	5,00 / 5,00
Mellora 2: Acreditación normas garantía calidade (ISOS)	Si / Non	Si. Os tres ISOS
	Puntos	5,00 / 5,00
Mellora 3: Utilización áridos reciclados	Si / Non	Si. Maior do 10 %
	Puntos	5,00 / 5,00
TOTAL SOBRE 3		24,90 / 50,00

De acordo coa avaliación das propostas aportadas polos licitadores, a Mesa conclúe a seguinte lista ordenada de xeito decrecente de puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	48,50 / 50,00	24,90 / 50,00	73,40 / 100,00

Xa que logo, a Mesa de Contratación, á vista da puntuación resultante, por unanimidade dos asistentes, acordou propor ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado “PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA CAPACIDADE DE DESAUGUE EN O BATÁN” a empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. (B15072713) por un importe de 224.380,00 € (271.499,80 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

De acordo co art. 150.2 da LCSP e co prego de cláusulas administrativas particulares; o día 12 de setembro de 2024 requiríuse á licitadora proposta como adxudicataria para que no prazo máximo de dez





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

días hábiles presentara a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refire o prego de cláusulas administrativas particulares.

Dentro do prazo concedido, “CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L” aportou correctamente a documentación requirida, a cal consta no expediente.

Entre a documentación aportada consta a garantía definitiva polo importe de 11.219,00 euros, constituída mediante aval bancario, figurando o xustificante no expediente.

O día 1 de outubro do 2024 pola Intervención municipal emítase informe de fiscalización favorable, previo á adxudicación deste contrato.

Xa que logo, aportada a documentación solicitada e dado que a empresa proposta como adxudicataria está ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, constituíu a garantía definitiva e ten aptitude para contratar; procedería, de conformidade co art. 150 e 158 da LCSP, adxudicar este contrato a “CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L”.

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP, e considerando as atribucións conferidas a esta Alcaldía segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- adxudicar a “CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L” co domicilio social en Avenida Fisterra, 267 (15008- A Coruña) e CIF nº B15072713, o contrato de obra denominado “PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA CAPACIDADE DE DESAUGUE EN O BATÁN”, licitado por medio de procedemento aberto, polos seguintes importe: 224.380,00 € (sen IVE), ao que se lle engade un 21% de IVE (47.119,80 €), o que suma un importe total de 271.499,80 €.

O prazo de execución do referido contrato é de tres (3) meses, sen posibilidade de prórrogas, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato.

SEGUNDO.- Nomear como técnico responsable deste contrato a Enxeñeira Municipal, Isabel María Freire Ramos.

TERCEIRO.- Faise constar que:

- a) Comprométese a adscribir os medios materiais e persoais requiridos.
- b) Que ofrece un incremento de CATRO (4) anos sobre o prazo legal de garantía a maiores do primeiro ano obrigatorio.
- c) Que oferta a redacción e presentación do Plan de Seguridade e Saúde ó Servizo de Coordinación de Seguridade e Saúde no prazo de unha (1) semana.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL

Contratación e Patrimonio

- d) Que acredita o cumprimento das normas de garantía da calidade, da xestión medioambiental e da xestión da seguridade e saúde mediante certificados ISO 9001, ISO 14001 e ISO 45001.
- e) Que oferta a utilización de áridos reciclados procedentes da valorización de residuos da construción nunha porcentaxe maior do 10% en peso sobre o total dos áridos previstos

CUARTO.- Dispor un gasto para esta obra polos importes que de seguido se citan, unha vez que xa foi autorizado o mesmo segundo se desprende dos documentos "ARC" que se sinalan a continuación:

ANUALIDADES	APLICACIÓN	OPERACIÓN	IMPORTE
2024	60.160.61900	ARC 202400029714	271.499,80 €

QUINTO.- O importe da baixa de adxudicación (9.854,87 €) queda na fase de retención de gasto para cubrir unha posible liquidación que puidera xurdir.

SEXTO.- En relación coa coordinación de seguridade e saúde desta obra e a asistencia para o control de calidade da mesma, executaranse e financiaranse con cargo aos seguintes contratos:

CONCEPTO	EXPEDIENTE	EMPRESA E DECRETO DE ADXUDICACIÓN	PORCENTAXE SOBRE PEM	IMPORTE CON IVE INCLUIDO		ENTIDADE FINANCIADORA
Asistencia tca. control de calidade	2021/CONTRAT/000139 E 2021/EGOBR/000077	UTE OLEIROS CALIDADE (U01874825) - acordo da XGL de 28 de marzo de 2022	3,50%	BASE	5.652,03 €	CONCELLO DE OLEIROS
				IVE 21%	1.186,93 €	
				TOTAL	6.838,96 €	
Seguridade e saúde	2021/CONTRAT/000147 E 2021/EGOBR/000078	INCOPE CONSULTORES, S.L. (B83665513) - acordo da XGL de 28 de marzo de 2022	0,72%	BASE	1.162,70 €	CONCELLO DE OLEIROS
				IVE 21%	244,17 €	
				TOTAL	1.406,87 €	

SÉTIMO.-Notifíquesele aos interesados.

OITAVO.- Consonte á lexislación vixente, deberase dar a seguinte publicidade ao presente contrato, con inclusión dos seus datos básicos, entre os que figuran obxecto, adxudicatario, importe de adxudicación e desagregación do IVE:

- Perfil do contratante do Concello de Oleiros (art. 154 da LCSP): a formalización do contrato deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días tras o perfeccionamento do contrato.
- Rexistro de Contratos do Sector Público (arts. 346 e seguintes da LCSP): envío dos datos dos contratos maiores e menores realizados ao longo do ano no primeiro trimestre do ano seguinte.
- Tribunal de Contas e Consello de Contas (Resolución de 3 de xullo de 2018, do Tribunal de Contas):
 - envío dos datos de contratos maiores e menores primitivos realizados ao longo do ano no primeiro bimestre do ano seguinte.





- Documento de formalización e extracto do expediente, así como datos de modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, variacións de prezo e imorte final, nulidade, extinción normal e extinción anormal dos contratos que superen os seguintes limiares de valor estimado, no prazo de tres meses dende a formalización:
 - Obras, concesións de obra e concesións de servizo: 600.000,00 €
 - Contratos de servizos e contratos administrativos especiais: 150.000,00 €
 - Contratos de subministración: 450.000,00 €
 - Acordos marco: 600.000,00 €

NOVENO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpoñer os recursos seguintes:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

